

CORRECCION DE ERROS NAS BIOGRAFIAS E CRONOLOXIAS DE CASTELAO

AVELINO POUSA ANTELO
Fundación Castelao

Quero suliñar a miña especial devoción pola figura sobranceira de Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao porque foi él quizaves o que mais influíu na miña vida.

Eu coñecino -mellor escoiteino- nun mitin celebrado no Teatro Principal de Santiago a primeiros de maio de 1931. Mitin que eu califico de pre-galeguista pois aínda pasarían varios meses antes de crearse o Partido Galeguista, o que sucedeu en Pontevedra os días 5 e 6 de nadal de 1931.

Coido que foi Castelao o que pechou o citado mitin no que tomaron parte outros importantes persoeiros do galeguismo, aínda que non poido lembrar quen es foron. Coido que un deles foi Carballo Calero que entón era presidente da FUE ou algo polo estilo.

Eu entón estudaba 7º curso -Metafísica como nós decíamos- no Seminario de Santiago que daquela era Universidade Pontificia Compostelana.

Posiblemente eu levaba en min unha natural inclinación ó galeguismo. Nacido nunha aldea -San Xoán de Barcala. A Baña- e criado no seo dunha familia de labregos e comerciantes, coñecín de neno as necesidades das nosas xentes do medio rural e sentín unha natural vocación de servilas no que puidera.

Cando escoitei a Castelao falando pausamente, vagarosamente, impresionoume tanto que saín dalí marcado como galeguista para toda a miña vida.

Tiven despois a sorte de tratalo persoalmente o que aínda acrecentou máis a miña admiración e a miña simpatía cara él. Castelao foi, para min, unha figura ilustre con un carisma especial que quizaves non observei en ningún coma nel.

Na valoración da súa vida e da súa obra coincido e suscribo a opinión do malogrado X.M. López Nogueira no seu traballo "Castelao e o naturalismo galego", publicado no libro "HOMENAXE A CASTELAO" feito pola Universidade de Santiago e publicado en 1976. Hai alí un anaco que di: "Xa en vida Castelao foi saudado polo pobo como persoaxe fabuloso. Pero moi axiña sufriu críticas acervas, procedentes dos seus enemigos políticos. De ese xeito a actual mitificación ten un pouco de axuste de contas cos críticos e, como éstos non foron xustos nin lexítimos, a nova mitificación acaso esixe algún privilexio. Pero hai un punto onde xa Castelao ten aseguradas tódalas súas prerrogativas: a súa personalidade modélica como arquetipo humano galego. Quenes anden á procura de unha *identidade galega*, farán ben en poñer a Castelao como unha das

principais cartas de identificación do seu pobo. O noso país, como todos aqueles que viviron unha historia marxinal, caracterízase mais polos seus modelos que polas súas fazañas. Dicía Karl Marx que a historia convencional é un desfile de *cabaleiros, bandidos e pantasmas*. Pero hai unha historia real que é desfile de modelos, de arquetipos, de mitos. Castelao forma parte xa desta historia real, pola súa calidade modélica, arquetípica, mitolóxica".

Tamén quero suscribir e suliñar un anaco da homilía que lle encargáramos a Monseñor Miguel Anxo Arauxo para a misa do centenario en Rianxo o día 30 de xaneiro de 1986, homilía que Monseñor Arauxo non puido dicir porque unha forte nevada lle impediu chegar alí. Suliño samente un anaquiño no que di: "Castelao herda toda a galeguidade de Rosalía, naturalmente con un tono mais viril. Síntese tamén telúrico, vencellado á terra nai moi fondamente, pero elle mais doado atoparse cos homes e os seus problemas. Cecais chegue mais ó fondo dun problema raiceiro de Galicia. Galicia é fermosa e rica, pero os galegos somos probes, asoballados polas estruturas, polos caciques, pola colonización secular dun centralismo abafante, pola falla dunha verdadeira liberdade.

Entón aparece o Castelao profeta de Galicia. Como un daqueles profetas do Vello testamento érguese varil e audaz para defender os dereitos do seu pobo, recoñecer tamén os seus pecados. Para eso válese do seu coñecemento do verdadeiro pobo galego, leva os seus problemas ós seus dibuxos, aparentemente inxenuos, pero cheos de filosofía política; lévaos á súa prosa sonora chea de ironía, humor e claridade. Pero Castelao dase conta que os problemas de Galicia teñen unha raigaña mais fonda, estrutural, política; e por eso coída que será ahí, nese campo, onde se han de atopar as solucións. Descubre entón a súa vocación política. E como os verdadeiros profetas do Vello Testamento berra sen acougo ós que teñen o poder centralista, ós de Madrid, ben desde os seus dibuxos, ben desde os seus escritos, ben desde o seu escano no Parlamento, e tamén como aqueles non ten mellor sorte: o exilio e a morte sen acadar a terra prometida".

Quero tamen salientar que por este meu *castelaoísmo*, colaborei con Dn. Ramón Martínez López na creación e organización da Fundación Castelao que ca Consellería de Cultura e Benestar da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago convocou este Congreso Castelao que estamos a celebrar.

Na miña condición de Secretario da Fundación e para facer un pequeno ficheiro documental, por medio do meu amigo o Alcalde da Estrada Dn. Manuel Raimondez Portela, solicitei unhas partidas de nacemento da esposa de Castelao Dna. Virxinia Pereira Renda, do seu matrimonio con Castelao celebrado o 19 de outubro de 1912 e da partida de nacemento do único fillo do matrimonio.

A vista destes documentos cotexceinos cas biografías e cas cronoloxías feitas por varias entidades e comprobei que existen erros importantes, tanto no nome do fillo como na data de nacemento que aparece en tódolos libros e cronoloxías de que dispoño.

Penso que estes erros débense seguramente a que un primeiro biógrafo puxo eses datos trabucados e os posteriores copiáronos sin molestarse en comprobar un detalle que seguramente lles pareceu intrascendente. Pero eu

penso que, sempre que se poidan comprobar documentalmente os datos, non hai cousas intrascendentes.

Quero facer a salvedade de que esta corrección non pretende rebaixar o mérito das persoas que estudaron a biografía de Castelao. Somentemente aclarar, sen afán de protagonismo, uns datos que por casualidade chegaron as miñas mans e que transcribo para que, no futuro, non se sigan repetindo.

Ainda que somente manexei o material que teño a man na miña biblioteca privada, contrastei os datos cás biografías, revistas e cronoloxías seguintes:

- 1.- "EL PRIMER CASTELAO.- Biografía y Antología Rotas".- 2ª Edición corregida y aumentada.- Madrid 1979.- Siglo Veintiuno de Editores, S.A.- Na páxina 312 di: "1913 Nace su primer y único hijo".- Autor J.A. Durán.
- 2.- No ordenamento diacrónico feito polo Seminario de Sargadelos, incluído no libro "Castelao Artista" da autoría de Luís Seoane.- Edición do Castro, 1984, di: "1913 Nasce o seu único fillo Alfonso Xesús".
- 3.- "CASTELAO NA LUZ E NA SOMBRA", biografía da que é autor o seu gran amigo e compañeiro Dn. Valentín Paz Andrade, na Táboa cronolóxica, páxina 297 di: "1913 Nasce Alfonso Xesús, seu único fillo".
- 4.- Revista "VAMOS" do Colexio Peleteiro de Santiago, nº 138-marzo 1986 na contratapa, aínda que na tapa pon abril 1986.- Na páxina 3 publica un traballo de Filgueira Valverde titulado "ALFONSIÑO DANIEL" onde tamén pon a data de nacemento en 1913, pero tamén trabuca o nome, pois, como se pode comprobar cas partidas do Xugado e da Parroquia, os nomes do neno foron, no Xugado, Alfonso Luís e na parroquia, Alfonso Xesús de Braga.
- 5.- Na "GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA", na verba adicada a Castelao, páxina 193 do Tomo 5 di: "En 1913 nace su único hijo Alfonso Xesús".
- 6.- En "CASTELAO.- OBRA COMPLETA 1.- Narrativa e teatro. Akal editor. Colección Aralonga, páxina 16 figura tamén: "1913 Nace o seu único fillo Alfonso Xesús".
- 7.- No Catálogo da Exposición "DE ROSALIA A CASTELAO: GALICIA (1837-1950)" aparece na relación por datas: "1913 E nado o seu único fillo Alfonso".
- 8.- Na cronoloxía do "HOMENAXE A CASTELAO no centenario do seu nacemento, 1886-1986", patrocinado pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo, ciclo dirixido polo profesor Alonso Montero e que foi o máis completo dos que se celebraron durante este ano deica este Congreso. No programa de actividades figura unha cronoloxía que di: "1913 Nacemento do seu único fillo Alfonso Xesús".
- 9.- No suplemento da revista "Cuadernos para el diálogo", adicado a Castelao, publicado en 1975, na cronoloxía -páxinas 6 e 7- di textualmente: "1913.- Nace su único hijo Alfonso Jesús".
- 10.- No libro "CASTELAO, 24 años en la Administración Pública española (1915-1939). Documentos para una biografía", da autoría de Isabel Sánchez

Casal. Por: ANTHROPOS, Editorial del Hombre, 1984. Na introducción dí: "Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, (Rianxo, 29 de enero de 1886-Buenos Aires, 2 de enero de 1950)". Aquí trabúcanse ambas datas, pois a de nacemento é o 30 de xaneiro de 1886, e a de falecemento o 7 de xaneiro de 1950.

11.- Tamén a Enciclopedia Espasa (Apéndice nº 9, páxina 847), tén trabucada a data de nacemento de Castelao. Dí: "Rodríguez Castelao, Alfonso. Escritor, dibujante y político español, nacido en Rianjo (Coruña), en 1884".

12.- No Diccionario Bio-bibliográfico de Escritores, por Antonio Couceiro Freijomil. Volumen III, páxina 208; dí_ "Rodríguez Castelao, Alfonso.- nació en Rianjo (Pontevedra) el 31 de enero de 1882...".

13.- No Faro de Vigo, do venres 10 de outubro de 1986, sección "Fin de semana" anunciando a chegada do expotrén Castelao dí: "1912-13: Nace su hijo Alfonso".

14.- No libro VIDA E PAIXON DE CASTELAO, de Xosé Nuñez Bua.- Edicións do Castro 1986 dise: "1930.- Ingresa no Seminario de Estudos Galegos".

15.- Nos paneis da Exposición Castelao organizada polo Ministerio de Cultura e no "Expotrén Castelao" figura a data do nacemento de Castelao como o 29 de xaneiro de 1886 cando se pode comprobar polo certificado de bautismo, que naceu o día 30 de xaneiro.- No Catálogo de dita Exposición, apartado "Informaciones cronológicas y bibliográficas", páxina 223, aparece o erro xa reseñado da data do nacemento de Castelao, e na páxina 225 outro erro encol do nacemento do fillo. Di textualmente: "1913.- Nace Alfonso, su primer e único hijo".

16.- No último número da revista "ANTHROPOS" adicado a Castelao, na páxina 15 ten o erro de: "1913. Nace su único hijo Alfonso Xesús", e na páxina 16 reproduce a foto de Castelao cos seus curmans Manolo e Xosé, e pon debaixo: "Castelao con sus hermanos Manolo y Xosé". Supoño que confundiron curmáns con irmáns.

17.- Tamén no folleto publicado pola Comisión Centenario Castelao de Rianxo figura 1913 como data do nacemento do fillo de Castelao Alfonso Xesús.

18.- Nunha reprodución da serie "PINTORES GALEGOS" que editou a revista MAN COMUN publica unha reprodución dun cadro de Castelao e no reverso unha cronoloxía na que tamén figura o mesmo erro da data de nacemento do fillo. Neste caso cita a Fonte que foi: "Castelao. Páxinas escollidas", edición preparada por Xesús Alonso Montero, para Akal Editor.

19.- Incluo fotocopia da Partida de Nacemento de Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao que foi o 30 de xaneiro de 1886, ás 10 da mañán.

20.- Partida de nacemento do fillo de Castelao no Rexistro Civil de A Estrada na que figura cos nomes de Alfonso Luís, nacido o 1º de febreiro de 1914.

21.- Partida de bautismo da Parroquia de San Pelaio de A Estrada na que o fillo de Castelao figura cos nomes de Alfonso Jesús de Braga, coincidindo a data de nacemento ca do Rexistro Civil, esto é, o 1º de febreiro de 1914.

A vista dos abondosos erros que puiden comprobar cos modestos fondos da miña biblioteca particular, é doado supor que estes erros serán moitos mais si se fai unha ampla pescuda en outras bibliotecas de meirande entidade, traballo que suxiro á algún estudante de Historia ou Filoloxía.

Como anécdota final citarei unhas verbas do historiador X.R. Barreiro Fernández que agradeceu o meu traballo e manifestou que, efectivamente, os historiadores centran o interés en outros motivos que xusgan mais interesantes e, por veces, fallan en datos tan sinxelos coma estes que poderían comprobar facilmente.

Si este modesto traballo sirve para corrixir outros erros e para estimular a comprobación de datos, dareime por moi satisfeito por telo realizado.

Anexo 2.- Partida de nacimiento fillo de Castela.

Serie A N^o 664382
316



MINISTERIO DE JUSTICIA


SERVICIO DE IMPRESOS
DEL REGISTRO CIVIL

NÚMERO

48

Alfonso Luis Rodri-
gues Pereira

Que la presente certificación literal, expedida con la au-
torización prevista en el artículo 26 del Reglamento del Re-
gistro Civil, contiene la reproducción íntegra del asien-
to correspondiente, obrante en el tomo Folio 316 de la
Sección de este Registro Civil, La Estrada, a veintidós
de Abril de mil novecientos ochenta y seis. - Secretaria
D^a. Concepción Rodríguez Alvaras



En la villa y término municipal de Estrada, partido judicial del mis-
mo nombre, provincia de Pontevedra, a las diez y cinco
del día tres de Febrero
de mil novecientos ochenta. Ante el Sr. D. Teodoro Peláez
Pereira, Jefe municipal suplente, por virtud de
facultad del Sr. D. Francisco Carral, de-
cretario, se suscribió D. Alfonso Rodríguez Cas-
telao, mayor de edad, casado, Mediano, nati-
vo y vecino de Rianjo, término municipal de
igual nombre, provincia de Coruña, deli-
tando se inscriba en los libros de este Re-
gistro Civil un asien- y al efecto como pa-
dre, del mismo delantado.

Que dicho niño nació en esta villa ca-
lle de Sau Coruña, a la una de la ma-
ñana del día primero del mes que nace

que es hijo legítimo del Sr. delantado
su Sr. esposa Andrésina Pereira delantada
también mayor de edad; dedicada a las
ocupaciones propias de su sexo, natural
de esta expresada villa en la que actual-
mente reside, y vecino de Rianjo.

Que es padre por línea paterna de D.
Mariano Rodríguez Sic y de Joaquina Ca-
stelao legítimos, propietarios, naturales y
vecinos de Rianjo; y por la materna de
D. Camilo Pereira expresado delantado ma-
tural de Sau partido de Car-
ballina y de Benigno Pereira delantado
dirigida a las labores de casa, natural
de la Ciudad y provincia de Pontevedra,
y vecino de esta población.

Y que al expresado niño se le pusieron
los nombres de Alfonso delantado.

Anexo 3.- Partida de bautismo.

Entrada
 de los
 años
 de los
 años
 de los
 años

En la Iglesia parroquial de v. v. de
 Entrada, a veintiseis de febrero de mil novecientos
 dos catorce, yo Don Nicolás Mato Varela, pár-
 ro en Sag. Teología, Capellán de honor de S. M.
 C. de la misma, bauticé asen-
 sualmente, puse por Sta. Oros y por nombre
 Alfonso Jesús de Orosa, a un niño que
 nació el día primero del mismo mes y
 año, hijo legítimo de Sr. Alfonso Rodríguez
 Castela y Doña Virginia Pereira Renda,
 naturales, aquel de Sta. Colomada de Noya
 y esta de esta Entrada. Abuelo pa-
 trino Sr. Mariano Rodríguez Días
 y Doña Ysabel Castela Jimeno, natura-
 les de Noya. Materna Souleau-
 la Pereira Freixedo y Doña Gregoria
 Renda, naturales, aquel de Arcos
 (Cathalin) y esta de Pontevedra.

Fueron padrinos Mariano
 Rodríguez e Ysaura Pereira, a
 quienes advertí lo que previene el actual
 Romano. Para que conste lo firmé y sellé
 así de esta manera

Nicolás Mato
 Varela